

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Premio para Xosé Monteagudo

'Un tipo listo' gaña o Premio García Barros

O xurado escolleu na Estrada a novela 'Un tipo listo', de Xosé Monteagudo, que será publicada pola Editorial Galaxia.

Redacción - 18:30 16/07/2009

O escritor Xosé Monteagudo Folgar (Moraña, 1965) foi declarado, por fallo unánime do xurado, gañador da [XXI Edición do Premio Manuel García Barros](#), co seu traballo *Un tipo listo*. Os membros do xurado destacaron a orixinalidade da trama da novela, dentro do universo da literatura en galego, xa que xira en torno a un desfalco bancario na década dos 80.

O fallo considera que se trata dunha peza de calidade e moi cohesionada, cun ritmo de lectura rápido e sen caídas, e con personaxes de gran autenticidade. A obra ten trazas de crónica familiar e social, ao tempo que propón unha reflexión de alcance ético. Trátase dunha novela para un público lector moi amplo.

[Xosé Monteagudo Folgar](#) reside en Pontevedra, onde traballa na delegación da Axencia Tributaria. En 2002, resultou gañador do premio Blanco Amor coa súa primeira novela, *As voces da noticia*. Como gañador do certame Manuel García Barros, a súa obra será publicada pola editorial Galaxia.